

EXERCICIO FASE CONCURSO-OPOSICIÓN BOLSA DE TRABAJO
CATEGORÍA: TRABALLADOR/A SOCIAL (PERSOAL LABORAL TEMPORAL)

1.- Dentro de que Título da Constitución se recolle o artigo que fai referencia ao dereito á educación?

- a) Título Preliminar
- b) Título I
- c) Título II

2.- Non é un principio da potestade sancionadora que regule a “Ley 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público”, no Capítulo III do seu título preliminar:

- a) O de xustiza
- b) O de tipicidade
- c) O de responsabilidade

3.- No caso de que a lei que estableza unha infracción moi grave non fixe prazo de prescrición da mesma, conforme ao artigo 30 da “Ley 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público”, dita infracción prescribirá:

- a) Aos catro anos
- b) Aos dous anos
- c) Aos tres anos

4.- De acordo co artigo 14 da “Ley 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas”, cal dos seguintes administrados non está obrigado a relacionarse coas administracións a través de medios electrónicos?

- a) Unha sociedade anónima adxudicataria dun contrato administrativo
- b) Un funcionario do Concello de As Pontes para solicitar o desfrute dun día de asuntos propios
- c) Unha persoa física para a solicitude de colocación dun contedor próximo á súa vivenda

5.- Segundo a Lei 13/2008, do 3 de decembro, dos servizos sociais de Galicia, é función do Consello Galego de Benestar Social:

- a) Facilitar unha distribución adecuada de recursos, de maneira que se garante a igualdade de oportunidades no acceso aos servizos sociais para toda a cidadanía, con independencia do seu lugar de residencia.
- b) O análise das necesidades e da demanda social
- c) Fomentar a participación da sociedade e das administracións públicas

6.- A denegación da inscrición dunha entidade no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, producirase, de forma motivada, segundo o Decreto 254/2011, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección de servizos sociais en Galicia, por algunha das seguintes causas:

- a) Polo obxecto social da entidade
- b) Por tratarse dunha sociedade anónima
- c) A ausencia de personalidade xurídica da entidade de conformidade co disposto no ordenamento xurídico que lle resulte de aplicación

7.- Segundo o Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia, forman parte da carteira de servizos comúns, os servizos de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia:

- a) Servizo de atención diúrna, modalidades básica, terapéutica, ocupacional e terapéutico-ocupacional
- b) Servizo de atención residencial, modalidades básica, terapéutica y terapéutico-ocupacional

c) Servizo de axuda no fogar, para a atención a persoas dependentes, que inclúe unha especialidade no servizo dirixida a persoas con discapacidade auditiva

8.- Segundo o Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, os servizos de prevención das situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal, prestase a partir:

- a) Dos 65 anos
- b) Non existe límite de idade
- c) Dos 18 anos

9.- No artigo de que Lei de Servizos Sociais de Galicia se regula o financiamento polas entidades Locais?

- a) Artigo 53
- b) Artigo 54
- c) Artigo 55

10.- É un principio da lei da promoción da autonomía persoal e atención as persoas en situación de dependencia:

- a) O respecto a súa autonomía e capacidade na toma de decisión
- b) A actitude exenta de xuízo na valoración das situacións de dependencia
- c) A permanencia das persoas en situación de dependencia, sempre que sexa posible, no entorno no que se desenvolve a súa vida

11.- A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, establece no art. 46 que as actuacións de prevención terán por obxecto:

- a) Desenvolver programas dirixidos a promover o coidado e atención adecuada dos menores nas súas familias
- b) Sensibilizar á cidadanía no coñecemento, respecto e asunción dos dereitos da infancia e da adolescencia
- c) Evitar ou reducir as causas que provoquen ou favorezan os procesos de marxinación ou inadaptación dos nenos, nenas e adolescentes, as circunstancias de carencia ou de desprotección que dificulten ou menoscaben o libre e pleno desenvolvemento dos mesmos e os factores que propicien o deterioro do seu entorno sociofamiliar

12.- Que maioría é necesaria no Parlamento de Galicia para facer unha iniciativa de reforma do Estatuto de Autonomía?

- a) Maioría absoluta
- b) Dous terzos dos seus membros
- c) Un quinto dos seus membros

13.- Cal dos seguintes é un obxectivo do Plan Concertado para o desenvolvemento de prestacións básicas de Servizos Sociais de Corporacións Locais?

- a) Gastos derivados da retribución do persoal empregado público adscrito aos ditos servizos.
- b) Gastos derivados das indemnizacións por razóns de servizo (desprazamento) e da formación do persoal técnico empregado público adscrito aos ditos servizos.
- c) Ámbalas dúas son correctas

14.- En Traballo Social o método é:

- a) O conxunto de operacións e actividades que dentro dun proceso preestablecido se desenvolven de maneira sistematizada para coñecer e actuar sobre a realidade social
- b) É a valoración que o/a Traballador/a Social fai dunha situación, sin os elementos suficientes para poder, de maneira consistente, determinar unha intervención que non sexa puntual ou de urxencia

c) É a elaboración de conceptos básicos e ademais, a elección de instrumentos a utilizar para obter o fin proposto

15.- A visita domiciliaria defínese como:

- a) Aquela visita que realiza o/a Traballador/a Social nun fogar, tratando de tomar contacto directo coa persoa e/ou a súa familia, no lugar onde vive, cons fins de investigación en tratamento, axuda ou asesoramento
- b) Acto profesional que se compón de varias técnicas: a entrevista e a observación nas súas distintas formas
- c) Ámbalas dúas son correctas

16.- O Capítulo IV do Código Deontolóxico de Traballo Social fai referencia a:

- a) Dereitos e deberes das/dos traballadores/as sociais
- b) A confidencialidade e segredo profesional
- c) Aplicación de principios xerais da profesión

17.- O Programa de Respiro Familiar para coidadores de persoas en situación de dependencia

- a) ofrece estancias temporais para persoas en situación de dependencia nun centro residencial por un período de un mes
- b) ofrece estancias temporais para persoas en situación de dependencia nun centro residencial durante un fin de semana ou quince días
- c) consiste nunha axuda para contribuír ao pagamento da residencia ante unha necesidade puntual nos supostos convenientemente acreditados.

18.- O procedemento para o recoñecemento do grao de dependencia dende a entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a instrución e resolución do expediente, resolverase no prazo máximo de

- a) 6 meses
- b) 12 meses
- c) 3 meses

19.- Que significan as siglas PAR?

- a) Programa de atención residencial
- b) Programa de asignación de recursos
- c) Programa de adxudicación de recursos

20.- Que significan as siglas ABVD?

- a) Actividades básicas da vida diaria
- b) Atencións básicas a valorados como dependentes
- c) Axuda básica na vida diaria

21.- ¿Cal é a Orde que regula o Servizo de Axuda no Fogar?

- a) Orde do 2 de febreiro de 2007
- b) Orde do 22 de xaneiro de 2009
- c) Orde do 2 de xaneiro de 2011

22.- A Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, establece no seu art. 62 que para a prevención do acoso sexual e do acoso por razón de sexo, as Administracións Públicas:

- a) Negociarán coa representación legal das traballadoras e traballadores un protocolo que comprenderá a identificación das persoas responsables de atender a quen formule unha queixa ou denuncia

- b) Negociarán coa representación legal das traballadoras e traballadores un protocolo que establecerá os obxectivos a alcanzar en materia de promoción da igualdade de trato e oportunidades no emprego público
- c) Negociarán con la representación legal das traballadoras e traballadores un protocolo que establecerá medidas efectivas para eliminar calquera discriminación, directa ou indirecta, por razón de sexo

23.- Como se denomina o instrumento que foi deseñado para ser aplicado polos servizos sociais especializados na Protección de Menores da Xunta de Galicia para a execución das competencias establecidas na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, en relación á investigación e valoración das situacións de desprotección que afectan a nenos, nenas e adolescentes?

- a) VALORA-GALICIA
- b) INSIDE MENOR
- c) GALICIA-MENTOR INFANTIL

24.- Segundo o artigo 3 da Ordenanza municipal reguladora das axudas por emerxencia social do Concello de As Pontes, poderán ser beneficiarias de estas axudas:

- a) As persoas individuais ou unidades familiares que carezan de medios económicos e nas que concorran factores de risco social e necesiten unha axuda para satisfacer as súas necesidades básicas, sempre como un apoio á intervención social
- b) As persoas que teñan recoñecido un grao de discapacidade
- c) As persoas que teñan recoñecido un grao de dependencia

25.- Segundo el artículo 4 de la Ordenanza municipal reguladora das axudas de emerxencia social do Concello de As Pontes, é requisito das persoas beneficiarias:

- a) Residir e estar empadroadado/a no municipio de As Pontes de forma ininterrompida, un período mínimo de 9 meses anteriores á formulación da solicitude
- b) Residir e estar empadroadado/a no municipio de As Pontes de forma ininterrompida, un período mínimo de 6 meses anteriores á formulación da solicitude
- c) Residir e estar empadroadado/a no municipio de As Pontes de forma ininterrompida, un período mínimo de 3 meses anteriores á formulación da solicitude

26.- Sinala cal non é un obxectivo do servizo de axuda no fogar:

- a) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio fogar
- b) Trasladar ás persoas que non teñen ascensor da súa vivenda á rúa
- c) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias

27.- Cal destas tarefas non é propia do Servizo de Axuda no Fogar, de acordo coa ordenanza reguladora do servizo no Concello de As Pontes:

- a) Tarefas de Atención doméstica
- b) Tarefas de atención psicolóxica
- c) Lavado e coidado das prendas de vestir

28.- A Lei 39/2015 no seu artigo 41 establece que as notificacións realízanse:

- a) Preferentemente por medios non electrónicos, excepto cando o interesado resulte obrigado a recibilas por medios electrónicos
- b) Preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando o interesado resulte obrigado a recibilas por esta vía
- c) Por correo certificado

29.- O programa individual de atención poderá ser revisado:

- a) De oficio, na forma que determinen e coa periodicidade que prevea a normativa das Comunidades Autónomas; a instancia do interesado e dos seus representantes legais ou con

motivo de cambio de residencia a outra Comunidade Autónoma

b) Unicamente a proposta, debidamente motivada, da traballadora social dos servizos sociais comunitarios do domicilio do beneficiario/a

c) Ningunha é correcta

30.- Na Lei 10/2013, de 27 de novembro de inclusión social de Galicia, no seu artigo 42. Das obrigas das persoas beneficiarias. Os beneficiarios e as beneficiarias da renda de inclusión social terán as seguintes obrigacións relativas a percepción regular da prestación económica, entre as cales se encontran:

a) Comunicar nun prazo de 5 días o acceso a un empreg.

b) Comunicar nun prazo de 10 días o acceso a un emprego

c) Comunicar nun prazo de 15 días o acceso a un emprego

31.- A historia social única electrónica xestionase:

a) Mediante SIUSS

b) Poderase acceder sempre dende o MATIASS

c) Mediante o sistema de información denominado HSUE

32.- Cal é a intensidade máxima para o Servizo de Axuda no Fogar para unha persoa con unha situación de Dependencia en Grado III?

a) 70 horas

b) 94 horas

c) 80 horas

33.- Unha persoa beneficiaria do Servizo de Axuda no Fogar a través do Sistema da Dependencia, durante canto tempo pode solicitar a suspensión temporal do seu Servizo de un ano?

a) Durante 2 meses

b) Durante 6 meses

c) Durante 5 meses

34.- A Entidade Local titular do Servizo de Axuda no Fogar abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que se lle preste o servizo, o cal contará, cando menos de:

a) Un Informe Social, un proxecto de intervención e un acordo de servizo asinado entre o Concello e a persoa usuaria

b) Un Informe Social e un proxecto de intervención

c) Un Informe Social e un acordo do Servizo asinado entre as partes implicadas

35.- No marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

a) Atencións de carácter persoal na realización de actividades básicas da vida diaria

b) Atencións das necesidades de carácter doméstico e da vivenda

c) Todas son correctas

36.- Cales destas situacións se considera unha situación de desamparo?

a) A utilización do castigo físico ou emocional sobre a menor ou o menor que, sen constituír episodio severo o patrón crónico de violencia, prexudique o seu desenvolvemento.

b) A falta de escolarización habitual do neno, nena ou do/a adolescente co consentimento ou a tolerancia dos pais, ou das persoas que exerzan a garda, sempre que menoscabe o desenvolvemento e o benestar do menor, ou sempre que supoña un prexuízo grave do adolescente

c) a e b son correctas

37.- As axudas de inclusión social son:

- a) Prestacións económicas periódicas destinadas a sufragar gastos extraordinarios e urxentes
- b) Prestacións económicas non periódicas
- c) Non son prestacións económicas

38.- Sinala cal dos seguintes non é un Instrumento de Traballo Social

- a) Informe Social
- b) Ficha Social
- c) A Entrevista

39.- Na Lei 10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia, no seu artigo 7. Estrutura da Renda de Inclusión Social de Galicia, indica:

- a) A renda de inclusión social de Galicia configúrase en tres tramos, denominados: tramo persoal, tramo familiar e tramo de inserción
- b) A renda de inclusión social de Galicia configúrase en tres tramos, denominados: tramo persoal e familiar, tramo de inserción e tramo de transición ao emprego
- c) A renda de inclusión social de Galicia configúrase en tres tramos, denominados: tramo persoal, tramo familiar e tramo de inserción ao emprego

40.- A Lei 39/2006 de Dependencia non prevé no seu catálogo de servizos:

- a) Centro de noite
- b) Centros de atención non especializada
- c) Centros de atención a persoas en situación de dependencia segundo tipos de discapacidade

RESERVA

1.- Segundo o artigo 10.1 da Constitución Española cal non é fundamento do orden político a paz social:

- a) A dignidade da persoa
- b) Os dereitos inviolables que lle son inherentes
- c) Ámbalas dúas son correctas

2.- O catálogo de prestacións económicas da Lei 39/2006 de Dependencia non establece:

- a) Prestacións económicas vinculadas ao contorno familiar e ao grao de discapacidade
- b) Prestacións económicas de asistencia persoal
- c) Prestación económica para coidados no contorno familiar e apoio a coidadores non profesionais

3.- A percepción da renda de inclusión social de Galicia (RISGA), de acordo coa Lei 10/2013, 33 de inclusión social de Galicia:

- a) É un dereito subxectivo
- b) É un dereito obxectivo
- c) É un dereito equitativo

4.- Quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia:

- a) No caso de que a capacidade da persoa usuaria sexa igual ou superior ao IPREM
- b) No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria sexa igual ou inferior ao IPREM
- c) Ambas son incorrectas